


S.D. Santa Maria de Gove - 4-109



FEDERACION GALLEGA DE FUTBOL

DELEGACION DE  
PONTEVEDRA



Rfa.Club D.A.R.Xeve

Adjunto nos es grato enviarles solicitud de inscripción acompaña de copia de los Estatutos del referido Club, solicitando su inscripción en las competiciones de la próxima temporada en las categorías de Infantiles y Cadetes.

De ser admitidos hay que incluirlo en el grupo 19º de Segunda Categoría de Infantiles y el grupo 18º de Segunda Categoría Cadetes

Pontevedra, 15 Junio del 2000

Por La Delegación



Delegado

Sr. Presidente de La Federación Gallega de Fútbol

LA CORUÑA



.....

.....

.....

.....





# IDENTIFICACION FISCAL\*

Agencia Tributaria

Código de Identificación

Denominación

o

Razón Social

Domicilio

Social

Domicilio

Fiscal

Actividad Principal CNAE

Administración

G. CIFEM. 01/96



# CONCELLO DE PONTEVEDRA

SECRETARIA XERAL  
JDO/jal

Comunícolle que o Sr. Tenente de Alcalde don Xosé Luis Bará Torres con esta data dictou a seguinte resolución:

" Examinado o expediente tramitado a instancia de don Xosé Carlos Solla Loureiro, Presidente do Clube Deportivo da Asociación Recreativa de Xeve, solicitando a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

Resultando que os datos que aportan coa documentación que se acompaña e figuran no expediente son os que se enumeran no apartado 4 do artº 236 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, arts. 227 e seguintes do mesmo Regulamento e artº 6 do Regulamento de Participación Cidadá deste Concello e visto o disposto na Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e Real Decreto 1639/1996, de 5 de xullo.

Considerando que é atribución da Alcaldía a resolución do expediente, competencia delegada no Teniente de Alcalde don Xosé Luis Bará Torres por resolución de 5 de xullo de 1999,

## RESOLVO:


1º.- Inscibir co nº 54 no Libro Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais ó Clube Deportivo da Asociación Recreativa de Xeve, transcribindo ó mesmo os datos que acompañan e que se enumeran no apartado 4 do artigo 236 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e artigo 6 do Regulamento de Participación Cidadá deste Concello.

2º.- Que se poña en coñecemento da indicada Asociación e dependencias municipais a inscrición a fin de que poida surtir efectos conforme determina dita Lei.

3º.- Darase publicidade desta resolución expoñéndoa no taboleiro de anuncios desta Casa Consistorial por prazo de quince días."

Pontevedra, 19 de xaneiro de 2000.

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: Julio Dapena Outomuro.

D. XOSE CARLOS SOLLA LOUREIRO  
PTE. DO CLUBE DEPORTIVO DA ASOCIACION RECREATIVA DE XEVE  
Fragoso nº 3 – San Andrés de Xeve  
36150 - PONTEVEDRA



REFERENCIA: PR946A 99/24-4

SOLICITANTE: DEPORTIVO DA ASOCIACIÓN RECREATIVA DE XEVE

DOCUMENTO: PR946A.601

### NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

Notifícolle que con data 24/05/1999 o Xefe do Servicio Provincial da Secretaría Xeral para o Deporte (P.D. Resolución de 12-9-97, D.O.G. 15-9-97) dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

“ Vista a solicitude e documentación presentada, e sendo conforme coa Lei 11/997 do 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia, co Decreto 216/1997 do 30 de xullo, e demais normativa aplicable, é polo que:

#### RESOLVO:

Ratifica-los Estatutos e inscribir no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia ó DEPORTIVO DA ASOCIACIÓN RECREATIVA DE XEVE co Nº DE REXISTRO 6215.


Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o Excmo Sr. Conselleiro de Presidencia e Administración Pública no prazo de un mes contado a partir de día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquer outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Así mesmo, deberán comunicar e solicita-la inserción no Rexistro, das modificacións que se produzan con relación ós datos consignados (cambios na Xunta Directiva, cambio de denominación, modificación dos Estatutos, enderezos sociais, etc.).

Achégaselle, copia dos Estatutos, e Acta Fundacional, unha vez dilixenciados.

Pontevedra, 24 de maio de 1999

O XEFE DA SECCIÓN



Asdo: Carmen Carballeda Pérez

SR. PRESIDENTE DO DEPORTIVO DA ASOCIACIÓN RECREATIVA DE XEVE





Club Deportivo  
Da  
Asociación Recreativa de Xeve



## ESTATUTOS DO CLUB DEPORTIVO DA ASOCIACIÓN RECREATIVA DE XEVE.

### CAPITULO I

#### NORMAS XERAIS

**Artigo 1º** .- O Club Deportivo da Asociación Recreativa de Xeve, e unha asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, integrada por persoas físicas que sexan socios da Asociación Recreativa de Xeve e expresen libremente a súa vontade de pertencer o Club, que ten como obxecto exclusivo ou principal a práctica da actividade física e deportiva polos asociados, sen ánimo de lucro.

**Artigo 2º** .- O Club Deportivo da Asociación Recreativa de Xeve practicará como principal modalidade deportiva a de fútbol, e solicitará a ratificación dos Estatutos e a inscrición no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, de conformidade coa Lei Xeral do Deporte de Galicia.

O Club Deportivo da Asociación Recreativa de Xeve practicará así mesmo fútbol sala, baloncesto, balonmán e para tal fin funcionarán as seccións deportivas correspondentes, sen perxuízo de que a Asemblea Xeral poida acordar a creación doutras de interese para os seus asociados.

**Artigo 3º**.- O domicilio social do "Club Deportivo da Asociación Recreativa de Xeve" fíxase no lugar de Fragoso, nº3, na parroquia de San Andrés de Xeve, Pontevedra e teléfono 986.87.94.86.

O Presidente cando as circunstancias o aconsellen, poderá acorda-lo cambio do domicilio social dentro da mesma localidade. Para o traslado do domicilio a outra localidade, que deberá ser sempre dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, será necesario o acordo maioritario da Asemblea Xeral Extraordinaria.

En ámbolos casos, o traslado de domicilio social non implicará modificación estatutaria, e terá de ser notificado ós socios, e ó Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia.

### CAPITULO II

#### CLASES DE SOCIOS, ADMISION, DEREITOS E OBRIGACIÓNS

**Artigo 4º**.- O número de socios será ilimitado. Só poderán ser socios do "Club Deportivo da Asociación Recreativa de Xeve", todas aquelas persoas físicas que sexan socios da "Asociación Recreativa de Xeve" que expresen libremente a súa vontade de pertencer a este Club. Os socios poderán ser: numerarios, infantís e honorarios.

**Artigo 5º**.- Socios numerarios son todos os socios numerarios e fundadores da Asociación Recreativa de Xeve e expresen libremente a súa vontade de pertencer a este Club.

Serán socios infantís todos os socios menores de 15 anos e socios infantís da Asociación Recreativa de Xeve, cuxos tutores legais expresen a vontade de pertencer a dito Club.

Serán socios honorarios todas aquelas persoas que a criterio da Asemblea Xeral colaboren de forma notable o desenvolvemento do Club.

**Artigo 6º**.-

1) Os socios numerarios teñen os seguintes dereitos:





- a) Contribuír ó cumprimento dos fins específicos da asociación.
- b) Esixir que o Club Deportivo da Asociación Recreativa de Xeve se axuste ó disposto na normativa autonómica deportiva e ó establecido nos presentes Estatutos da entidade.
- c) Separar libremente do Club.
- d) Coñecer as actividades do Club e examinala súa documentación, previa petición razoada ó Presidente.
- e) Expór libremente as súas opinións no seo do Club.
- f) Ser elector e elixible para os órganos de representación e goberno da Asociación, sempre que teña plena capacidade de obrar.

2) Son obrigacións dos socios numerarios:

- a) Aboar as cuotas que esixa a Asemblea Xeral.
- b) Contribuír ó sostenemento e difusión do deporte ou modalidades Deportivas.
- c) Acatar cantas disposicións dicte a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou Presidente para o bo goberno da sociedade
- d) Respetar o establecido nos estatutos.

3) Os socios infantís e honorarios terán dereito a disfrutar dos servizos e instalacións sociais do Club. Non poderán intervir na dirección do Club, pero si están facultados para asistir as asembleas con voz, pero sin voto. Tamén poderán facer suxerencias e asesorar a Xunta Directiva do Club, o elevar escritos as Asembleas Xerais.

**Artigo 7º.-** Para ser admitido como socios, nas modalidades de numerario e infantil, será necesario:

- 1) Ser socio da Asociación Recreativa de Xeve.
- 2) Ter a idade adecuada para cada unha das modalidades.
- 3) Solicitalo a calquer membro da Xunta Directiva, acreditando ser socio da Asociación Recreativa de Xeve.
- 4) Satisfacer a cuota de ingreso que determine a Asemblea Xeral.

Para ser admitido como socio honorario, será necesario:

- 1) Ser socio da Asociación Recreativa de Xeve.
- 2) Ser proposto a Asemblea Xeral pola Xunta Directiva, e ser aprobado por maioría simple dos asistentes a Asemblea Xeral.

**Artigo 8º.-** A condición de socio pérdese:

- 1) Por perder a condición de socio da Asociación Recreativa de Xeve.
- 2) Por ter unha actitude ou conduta que perxudique gravemente os intereses do Club.
- 3) Por falta de pago das cuotas sociais establecidas pola Asemblea Xeral do Club.

### CAPITULO III

#### ORGANOS DE REPRESENTACIÓN E GOBERNO.

**Artigo 9º.-** Son Organos de representación e goberno do Club Deportivo da Asociación Recreativa de Xeve a Asemblea Xeral e ó Presidente.

**Artigo 10º.-** O Presidente é o órgano executivo do Club, posúe a representación legal convoca e preside os órganos de representación e goberno executando os acordos destes.

Será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual por e entre os membros da Asemblea Xeral, cada dous anos, podendo ser reelixido o terminar o mandato.

**Artigo 11º.-** O Presidente cesará por:





- 1) Transcorre-lo prazo polo que foi elexido.
- 2) Demisión.
- 3) Falecemento ou incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.
- 4) Pola perda de condición de socio do Club.
- 5) Aprobación dunha moción de censura pola Asemblea Xeral.

**Artigo 12º.-** Como órganos complementarios dos de goberno e representación poderá haber unha Xunta Directiva para asistir ó Presidente.

- 1) A Xunta Directiva estará formada por un número de membros non inferior a cinco nin superior a oito, e da que formará parte un Secretario, un Tesorero, un Vicepresidente e ó menos un vocal. Todos estes cargos deberán ser socios numerarios do Club Deportivo da Asociación Recreativa de Xeve.
- 2) A Xunta Directiva é o órgano colexiado de xestión do Club, sendo os seus membros designados e revocados libremente polo Presidente, que a presidirá.
- 3) Corresponderán á Xunta Directiva as seguintes atribucións:  
A Xunta Directiva como órgano colaborador do Presidente, non terá competencias propias e exercerá por delegación, as que lle encomende o Presidente, que poderá avocar e revocar en calquera momento.

**Artigo 13º.-**

- 1) A Xunta Directiva quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus membros. En segunda convocatoria será suficiente a concorrencia, polo menos, de tres dos seus membros, e en todo caso, do Presidente.
- 2) A Xunta Directiva convocarase polo Presidente con dous días de antelación, como mínimo, á data de celebración.

**Artigo 14º.-**

A Xunta Directiva quedará tamén validamente constituída, cando estean presentes tódolos seus membros, aínda que non houbera mediado convocatoria previa.

**Artigo 15º.-**

- 1) O Tesoureiro da Xunta Directiva será o depositario do Club, asinará os recibos, autorizará os pagos e levará os libros de Contabilidade.
- 2) Será obriga do Tesoureiro formalizar, durante o primeiro mes de cada ano, un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, que se porán en coñecemento de tódolos asociados do Club Deportivo da Asociación Recreativa de Xeve.

**Artigo 16º.-**

O Secretario da Xunta Directiva coidará do arquivo da documentación, redactará cantos documentos afecten á marcha administrativa da Asociación e levará o Libro de Rexistro de Socios e o Libro de Actas.

**Artigo 17.-**

- 1) A Asemblea Xeral é o órgano supremo do goberno do Club Deportivo da Asociación Recreativa de Xeve e estará integrada por tódolos seus socios.
- 2) As Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela, presentes ou representados, a maioría dos seus asociados. En segunda e última convocatoria media hora máis tarde quedará constituída calquera que sexa o número de membros presentes. Entre a data de convocatoria e o día sinalado para a súa celebración, terán de mediar, como mínimo, dez días naturais e non poderán transcorrer máis de vinte.

**Artigo 18.-**

A Asemblea Xeral convocarase polo Presidente a iniciativa propia ou do vintecinco por cento, ó menos, dos socios numerarios.

- 1) A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario, previa convocatoria do Presidente, o menos unha vez ó ano para tratar das seguintes cuestións:





- Memoria, liquidación do presuposto, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación do proxecto.
  - Presuposto para o ano seguinte.
  - Proxecto e propostas do Presidente ou da Xunta Directiva.
  - Propositions que formulen os socios.
  - Rogos e Preguntas.
- 2) Terá de ser celebrada Asemblea Xeral Extraordinaria para a modificación de Estatutos, elección do Presidente, toma de cartos a préstamo, emisión de títulos representativos de débeda ou de parte alicuota patrimonial, enaxenación de bens inmoables e fixación de cotas dos socios, e calquera outro acordo previsto nestes estatutos ou que se estime oportuno polo Presidente ou proceda legalmente.

#### Artigo 19.-

Os acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, serán vinculantes de obrigado cumprimento e terán forza executiva a partir da data da súa adopción, sen prexuízo, por razón da materia, da posibilidade da súa impugnación perante os órganos competentes e da Federación Galega Deportiva da modalidade ou perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

### CAPITULO IV

#### REXIME DOCUMENTAL

**Artigo 20º.-** O réxime documental do Club Deportivo da Asociación Recreativa de Xeve, constará dos seguintes libros: Rexistro de Socios, de Actas e Contables.

**Artigo 21º.-** No libro de Rexistro de Socios, terán de constar os nomes e apelidos dos socios de número, o seu Documento Nacional de Identidade e, no seu caso, os cargos de representación, goberno e administración que exerzan na Asociación. Tamén especificaranse as datas de altas e baixas, e as de toma de posesión e cese nos cargos aludidos.

**Artigo 22.-** Nos libros de Actas, consignaranse as reunións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As Actas terán de estar asinadas, en todo caso, polo Presidente e o Secretario.

**Artigo 23º.-** Nos libros de Contabilidade figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obrigacións, e ingresos e gastos da Asociación, debéndose precisa-la procedencias daqueles e a inversión ou destino destes.

#### REXIME DISCIPLINARIO

**Artigo 24º.-** Os Órganos e Socios do Club Deportivo da Asociación Recreativa de Xeve estarán sometidos ó regulamento disciplinario do Club e ó disposto no título VII da Lei 11/1997 Xeral do Deporte de Galicia e normativa do seu desenvolvemento.

**Artigo 25.-** Así mesmo o Presidente e membros da Xunta Directiva responderán fronte os socios, o Club ou terceiros, dos perxuízos que ocasionaren por culpa ou negligencia grave, de conformidade coa regulamentación propia do Club e o Ordenamento Xurídico vixente.

### CAPITULO V

#### REXIME ECONOMICO-FINANCIERO E PATRIMONIAL

**Artigo 26º.-** O Club Deportivo da Asociación Recreativa de Xeve, someterase ó réxime do presuposto e patrimonio propio coas seguintes limitacións:



- a) Non poderán destina-los seus bens a fins industriais, comerciais, profesionais ou de servizos, nin exercer actividades de igual carácter con fin de repartir beneficios entre os seus socios. Os seus bens e recursos aplicaranse integramente á conservación do seu obxecto social.
- b) Poderán fomentar manifestacións de carácter físico deportivo dirixidas ó público en xeral, aplicando os beneficios obtidos ó desenvolvemento das actividades físicas e deportivas dos seus asociados.
- c) O Club Deportivo da Asociación Recreativa de Xeve poderá gravar e enaxenar bens inmobles, tomar carnos a préstamo emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alicuota patrimonial, sempre que cumpra os seguintes requisitos:

1. Que se autoricen tales operacións por maioría de dous tercios dos socios presentes ou representados na **Asemblea Xeral Extraordinaria**.
2. Que ditos actos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da Entidade ou a actividade físico-deportiva que constitúa o seu obxectivo social. Para a adecuada xustificación deste extremo se poderá esixir sempre que o soliciten como mínimo o cinco por cento dos socios de número, o oportuno dicatme económico-actuarial.
3. Cando se trate de gravar ou enaxenar bens inmoibles que foran financiados en todo ou parte, con Fondos Públicos da Comunidade Autónoma será preceptiva a autorización previa da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

**Artigo 27.-** O Club Deportivo da Asociación Recreativa de Xeve poderá recibri libremente doazóns que non excedan da contidade de 500.000 Ptas. No suposto de doazóns que superen esta cantidade será necesaria autorización expresa da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, previo informe da Federación correspondente.

**Artigo 28.-**

1. O Club Deportivo da Asociación Recreativa de Xeve poderá emitir títulos de débeda ou de parte alicuota patrimonial.
2. Os títulos serán nominativos.

**Artigo 29.-**

1. Os títulos inscribíranse nun libro que levará ó efecto o Club, no que se anotarán as sucesivas transferencia.
2. En tódolos títulos constará o valor nominal, a data de emisión, e, no seu caso, o interese e prazo de amortización.

**Artigo 30.-** Os títulos de débeda só poderanse subcribir polos asociados, e a súa posesión non conferirá dereito algún especial ós socios, agás a percepción dos intereses establecidos conforme a lexislación vixente.

**Artigo 31.-** Os títulos de parte alicuota patrimonial han ser asemade, subcritos polos asociados. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

**Artigo 32.-** Os títulos de débeda e parte alicuota patrimonial serán transferidos unicamente entre os que teñan a condición de socios.

## CAPITULO VI

**Artigo 33°.-** Os presentes Estatutos só se poderán modificar reformar ou derogar, por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal efecto, mediante votación favorable dos dous tercios dos socios numerarios.

A reforma destes Estatutos seguirá, con respecto ó Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, os mesmos trámites administrados que para a súa inscrición.

**Artigo 34°.-** O Club Deportivo da Asociación Recreativa de Xeve extinguirase ou disolverase por acordo de:

- a) Dos dous tercios dos socios en Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ó efecto.
- b) Por sentenza xudicial.

22

23

24

c) Por outras causas legalmente determinadas.

En todo caso haberá de ser notificado ó Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportitas de Galicia.



**Artigo 35.-** Disolto o Club Deportivo da Asociación Recreativa de Xeve o remanente do seu patrimonio social, se houbera, aplicarase a fins análogos de carácter deportivo, ben por acordo previo da Asemblea Xeral ou subsidiariamente pola Secretaría Xeral para o Deporte.

-----o-----

*[Handwritten signatures and marks]*



Entende para facer constar que os presentes  
estatutos do clubo

*Deportiva de Asociación Peontera de Xeve*  
foron ratificados e inscritos co n.º *6215* no Rexistro de  
Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, de conformidade  
co disposto na Lei 11/1997, de 22 de Agosto, xeral do deporte de  
Galicia (DOG 4-09-97).

Pontevedra, 24 de *Maio* de 1999

O FUNCIONARIO

Asdo.:

*Carlos Santiago*







**FEDERACION TERRITORIAL GALLEGA  
DE FUTBOL**



9460

Refª: Estatutos aprobados por el C.S.D.

---

Adjunto remitimos a ese Club un ejemplar de los Estatutos actualizados del mismo, - que han sido aprobados por el Consejo Superior de Deportes.

La Coruña, 14 de Febrero de 1.984  
Por la FEDERACION GALLEGA DE FUTBOL

Secretario general

Sr. Presidente del

SANTA MARIA

1. The first part of the document is a list of names.

2. The second part of the document is a list of names.

3. The third part of the document is a list of names.

4. The fourth part of the document is a list of names.

5. The fifth part of the document is a list of names.


6. The sixth part of the document is a list of names.

4.109  
(P)

DILIGENCIA: La extiendo para hacer constar que los  
presentes Estatutos de

*Club Santa Maria*  
han sido aprobados, de conformidad con lo dispuesto en  
el apartado d) del art. 7.º del Real Decreto 972/1981, por  
la Comisión Directiva de este Consejo Superior de De-  
portes, en su reunión de 30 9 82 con el  
n.º Registro. 7.184

Madrid, 30 9 82  
EL JEFE DEL REGISTRO DE ASOCIACIONES  
Y FEDERACIONES DEPORTIVAS,

  
- Pedro Cristóbal -

